

1. TÍTULO DO PROXECTO

BioRevolución

2. DATOS PERSOAIS

Mencia González Nóvoa e Candela Álvarez Cid.

Aulas Tecnópole (Ourense).

3. RESUMO DO PROXECTO

A idea xurdiu dun proxecto anterior que consistía en facer plásticos biodegradables. Nesta ocasión creamos as receitas para producilos.

Estudamos os plásticos do anterior proxecto e fixemos probas para ver que cualidades aportaba cada material para preparar os nosos.

4. PROPÓSITO DO TRABALLO

O obxectivo do proxecto é crear variedades de plásticos para substituír aos actuais. Son biodegradables (comprobamos que se degradaban enterrándoos e facendo comprobacións semanais) e polo tanto non contaminantes.

5. HIPÓTESE

É posible reducir a contaminación ambiental introducindo no circuito industrial e comercial produtos elaborados con plásticos biodegradables e non solubles na auga.

6. MATERIAIS

Os principais materiais empregados foron almidón, ágar-ágar, glicerina e auga. Despois engadimos vinagre e obtivemos resultados moito mellores. Traballamos con eles no laboratorio para obter o noso propio plástico.

7. RESULTADOS

Estamos satisfeitas cos resultados. O noso reto foi descubrir as cantidades de cada material, o proceso de secado e a temperatura aplicada.

Tivemos resultados moi variados: había plásticos máis flexibles, outros máis duros. Tamén obtivemos un tipo de plástico antiescorregadizo que pode ser moi útil para a fabricación de certos produtos.

Elaboramos unha listaxe de produtos que se poderían fabricar tendo en conta as cualidades de cada plástico. Queremos centrarnos nos obxectos que máis se desbotan para beneficiar ó medio ambiente. Por exemplo: poderíanse facer canas para o seu uso na hostelería, tendo en conta o descontento actual coas de cartón.

8. CONCLUSIÓNS

Estudamos as propiedades e os tempos de degradación dos plásticos, asegurándonos de que sexan funcionais e sostibles. A partir dos resultados, tivemos a idea de deseñar prototipos de produtos útiles e ecolóxicos: desde sandalias de praia e chaveiros ata sistemas antiescorregadizos para a ducha ou fundas de móvil. Estarían deseñados a baixo custo (polo que serían accesibles para todos) e todos son totalmente reciclables, o que contribúe a un ciclo de vida máis ecolóxico e á redución do impacto ambiental.